

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 4511** *Real decreto 197/2010, do 26 de febreiro, polo que se adaptan determinadas disposicións relativas ao sector de hidrocarburos ao disposto na Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, incorporou parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, en diante a Directiva. Esta lei vén consolidar os principios regulatorios compatibles coas liberdades básicas de establecemento e de libre prestación de servizos, e ao mesmo tempo permite suprimir as barreiras e reducir as trabas que restrinxen inxustificadamente o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

En particular, a dita lei pon énfase en que os instrumentos de intervención das administracións públicas neste sector deben de ser analizados pormenorizadamente e ser conformes cos principios de non-discriminación, de xustificación por razóns imperiosas de interese xeral e de proporcionalidade para atender esas razóns. Por outro lado, exige que se simplifiquen os procedementos, evitando dilacións innecesarias e reducindo as cargas administrativas aos prestadores de servizos. Adicionalmente, refórzanse as garantías dos consumidores e usuarios dos servizos, ao obrigar os prestadores de servizos a actuaren con transparencia tanto respecto á información que deben prover como en materia de reclamacións.

Para alcanzar o obxectivo de reformar significativamente o marco regulatorio faise necesario proceder a un exercicio de avaliación de toda a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e do seu exercicio, para adecuala aos principios que a citada lei establece. Neste contexto, o obxectivo da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, non é outro que o de adaptar a normativa estatal de rango legal ao disposto na mencionada Lei 17/2009, do 23 de novembro. En concreto, o título III da Lei 25/2009, do 22 de decembro, é o relativo aos sectores enerxéticos, recollendo no seu artigo 19 a modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

O presente real decreto ten como obxecto desenvolver os preceptos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, modificados pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, co fin de adaptar a normativa existente aos novos requirimentos considerados na dita norma.

O presente real decreto foi sometido a informe da Comisión Nacional de Competencia, da Comisión Nacional de Enerxía e, a través do seu Comité Consultivo de Hidrocarburos, foi obxecto do preceptivo trámite de audiencia. Así mesmo, conta co informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento da actividade de distribución de gases licuados do petróleo, aprobado polo Real decreto 1085/1992, do 11 de setembro.*

Modifícase o Regulamento da actividade de distribución de gases licuados do petróleo, aprobado polo Real Decreto 1085/1992, do 11 de setembro, nos seguintes termos:

Uno. O número 2 do artigo 1 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Enténdese por subministración por xunto aquela que non supón subministración a un consumidor ou usuario final e que comprende os seguintes mercados:

- a) Subministración de GLP a operadores por xunto ou comercializadores polo miúdo de GLP a granel tal e como se definen no artigo 2.
- b) Subministración de GLP a granel a empresas de envasamento, distribución e venda de envases populares.
- c) Subministración de GLP a granel a empresas de distribución de GLP para automoción.»

Dous. A rúbrica e o contido do artigo 2 quedan redactados como segue:

«Artigo 2. *Clasificación.*

Terán a cualificación de «operadores por xunto de GLP» aquelas sociedades mercantís que, cumprindo as condicións e requisitos establecidos neste regulamento, realicen as actividades de almacenamento, mestura, envasamento, transporte e comercialización por xunto de GLP.

Terán a cualificación de «comercializadores polo miúdo de GLP a granel» aquelas sociedades mercantís que, cumprindo as condicións e requisitos no presente regulamento, realicen as actividades de almacenamento, mestura, transporte e comercialización polo miúdo de GLP a granel.

Os operadores por xunto que complementariamente desexen ampliar a súa actividade accedendo ao mercado polo miúdo dos gases licuados do petróleo, deberán cumprir os requisitos exixidos aos comercializadores polo miúdo de GLP a granel, coas excepcións que establece o presente regulamento.»

Tres. No artigo 3 substitúese a mención do «Ministerio de Industria, Comercio e Turismo» pola do «Ministerio de Industria, Turismo e Comercio».

Catro. O capítulo II pasa a ter a seguinte redacción:

«CAPÍTULO II

Requisitos para realizar a actividade de operador por xunto e a de comercializador polo miúdo de GLP a granel

Artigo 4. *Inicio da actividade de operador por xunto e de comercialización polo miúdo de GLP a granel.*

1. Aquelas sociedades que queiran actuar como operadores por xunto e/ou comercializadores polo miúdo de GLP a granel deberánllo comunicar por escrito, con carácter previo ao inicio da actividade, ao órgano competente da comunidade autónoma, no caso dos comercializadores polo miúdo de GLP a granel cuxo ámbito de actuación se vaia circunscribir a unha comunidade autónoma, e en todo caso á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, indicando a data de inicio da actividade, o nome da sociedade, enderezo postal, teléfono, fax e código de identificación fiscal e incluíndo unha declaración responsable sobre o cumprimento por parte da sociedade de todos os requisitos establecidos para exercer a actividade. Xunto á devandita comunicación deberán remitir o plan anual de abastecementos a que se refire o artigo 7. Así mesmo, no caso dos comercializadores polo miúdo de GLP a granel, deberán indicar o ámbito territorial en que se vai desenvolver a actividade.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da citada comunicación á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos.

A Comisión Nacional de Enerxía publicará na súa páxina web unha lista dos operadores por xunto de GLP e dos comercializadores polo miúdo de GLP a granel que incluírá aquelas sociedades que comunicasen ao Ministerio o exercicio destas actividades.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou a Comisión Nacional de Enerxía poderán solicitar en calquera momento a acreditación do cumprimento de todos ou de calquera dos requisitos necesarios para exercer a actividade de operador por xunto e/ou comercialización polo miúdo a granel.

3. Os operadores por xunto e os comercializadores polo miúdo de GLP a granel deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e, de ser o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma, o cesamento da actividade ou a modificación dalgún dos datos achegados na comunicación de inicio da actividade ou na declaración responsable, no prazo dun mes a partir do momento en que se produza.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da citada comunicación á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos.

Sección 1.^a Operadores por xunto de GLP

Artigo 5. Requisitos dos suxeitos para o exercicio da actividade de operador por xunto.

Os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de operador por xunto deberán cumprir os requisitos que se determinan nos seguintes artigos relativos a:

- a) Capacidade legal, técnica e financeira.
- b) Ter aseguradas contractualmente as subministracións.
- c) Medios de almacenamento para o desenvolvemento da súa actividade.
- d) Existencias mínimas de seguridade.
- e) O cumprimento polas súas instalacións das condicións técnicas e de seguridade regulamentarias.

Artigo 6. Capacidade legal, técnica e financeira.

1. Para acreditar a súa capacidade legal os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de operador por xunto deberán acharse ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais e, de ser o caso, de seguridade social.

As entidades que realicen a actividade de operador por xunto de GLP deberán revestir a forma de sociedades mercantís de nacionalidade española, ou, de ser o caso, doutro Estado membro da Unión Europea.

2. Para acreditaren a súa capacidade financeira, os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de operador por xunto deberán dispor duns recursos propios afectos á actividade que superen os 2.000.000 euros.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá actualizar as devanditas cantidades mediante orde ministerial.

3. Para acreditaren a súa capacidade técnica, os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de operador por xunto deberán contar con documentos xustificativos dalgún dos seguintes requisitos:

- a) Ter exercido a actividade de subministración de GLP ou doutros produtos petrolíferos polo menos nos últimos tres anos.
- b) Contar entre os seus accionistas con, polo menos, un socio que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos nas actividades de subministración de GLP ou doutros produtos petrolíferos.

c) Ter subscrito un contrato de asistencia técnica con algunha entidade que conte con experiencia abonda na actividade de subministración de GLP ou doutros produtos petrolíferos.

Artigo 7. Subministracións contractualmente aseguradas.

Os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de operador por xunto deberán poder xustificar documentalmente a dispoñibilidade de GLP que asegure a súa adecuada subministración, ben a través de compromisos contractuais, ben a través de produción propia.

Así mesmo, deberán establecer un plan anual de abastecementos que deberá incluír as previsións de compras e vendas do primeiro ano de actividade.

Artigo 8. Medios de almacenamento para o desenvolvemento da actividade.

Os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de operador por xunto deberán poder xustificar documentalmente que teñen á súa disposición instalacións de recepción, almacenamento e transporte adecuados ás subministracións previstas nos seus plans anuais de aprovisionamento e ás obrigas de existencias mínimas de seguridade.

Disporase do prazo de tres meses desde o comezo da súa actividade para acreditar o cumprimento do presente requisito.

Artigo 9. Existencias mínimas de seguridade.

Os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de operador por xunto deberán manter en todo momento as existencias mínimas de seguridade que se establezan regulamentariamente.

A situación das existencias mínimas de seguridade deberá adecuarse aos criterios de uniformidade xeográfica que normativamente se establezan, co obxecto de garantir a subministración para o conxunto do mercado nacional.

Por razóns de problemas técnicos ou de subministración, poderán solicitar do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a redución temporal do nivel de existencias mínimas de seguridade e este poderá acceder ao solicitado, sempre que quede debidamente asegurado o abastecemento do conxunto do mercado nacional.

Artigo 10. O cumprimento polas súas instalacións das condicións técnicas e de seguridade regulamentarias.

Para acreditar que as súas instalacións cumpren as condicións técnicas e de seguridade regulamentarias, os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de operador por xunto deberán estar en posesión das autorizacións das instalacións outorgadas polos órganos administrativos competentes por razón dos territorios onde se sitúen as instalacións, indicando a idoneidade destas para o desenvolvemento das actividades que se pretenden realizar e o cumprimento das disposicións e normas técnicas de seguridade vixentes na materia ou, de ser o caso, actas de posta en marcha ditadas polos órganos territoriais competentes.

Sección 2.^a Comercializadores polo miúdo de GLP a granel

Artigo 11. Requisitos dos suxeitos para o exercicio da actividade de comercializador polo miúdo de GLP a granel.

Os suxeitos que realicen ou vaian realizar a actividade de comercializador polo miúdo de GLP a granel deberán cumprir os requisitos relacionados nos artigos 6 a 10 deste regulamento, con excepción do requisito dos recursos propios afectos á actividade establecidos no artigo 6.2, os cales, no caso dos comercializadores polo miúdo de GLP a granel, deberán ser superiores a 1.000.000 euros.

Non obstante, e no caso de que adquira o produto a un operador por xunto, non lle serán exixibles os requisitos de capacidade de almacenamento e existencias mínimas, que serán cubertos por este.

Artigo 12. Autorización administrativa de instalacións.

Para os efectos previstos nos artigos 8 e 10 deste regulamento, requirirán autorización administrativa, de acordo co establecido na normativa vixente:

- a) A instalación de plantas de enchedura, transvasamento, envasamento e almacenamento de GLP
 - b) A instalación de centros de almacenamento e distribución de GLP
 - c) As instalacións de almacenamento de GLP en depósitos fixos para o seu consumo en instalacións receptoras.
 - d) A modificación das instalacións a que se refiren as alíneas anteriores en canto impliquen alteración das características básicas do proxecto.
- O tratamento destas autorizacións realizarase na forma que sinala a normativa vixente.

Artigo 13. Existencias mínimas de seguridade de consumidores ou usuarios finais.

Os consumidores ou usuarios finais que se subministren para consumo propio sen adquirir este produto aos operadores por xunto ou aos comercializadores polo miúdo de GLP a granel regulados no presente regulamento, deberán manter en todo momento unhas existencias mínimas de seguridade que se establezan regulamentariamente, e deberán comunicar esta actividade á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

En todo caso, o consumidor ou usuario final deberá dispor dunha instalación fixa de almacenamento autorizada polo órgano administrativo competente así como obter os certificados a que se refire o artigo 19 deste regulamento, e en ningún caso poderá proceder á venda ao público deste produto.

Sección 3.^a Inhabilitación

Artigo 14. Inhabilitación para exercer a actividade de operador.

Procederá a inhabilitación para exercer a actividade de operador por xunto, logo de instrución de expediente, con audiencia do interesado, nos seguintes casos:

- a) A apertura da fase de liquidación ou extinción da personalidade xurídica do operador.
- b) O incumprimento probado das condicións exixidas para realizar a actividade de operador por xunto.
- c) A inexistencia da autorización ou certificacións de idoneidade das instalacións necesarias para a actividade ou a súa obtención mediante simulación, fraude ou engano, así como a variación, unha vez outorgada aquela, das condicións ou requisitos esenciais que deron lugar ao seu outorgamento
- d) De ser o caso, a sanción por comisión de infracción grave ou moi grave.

Artigo 15. Inhabilitación para exercer a actividade de comercializador polo miúdo de GLP a granel.

Procederá a inhabilitación para exercer a actividade de comercializador polo miúdo de GLP a granel, logo de instrución de expediente, con audiencia do interesado, nos seguintes casos:

- a) A apertura da fase de liquidación ou extinción da personalidade xurídica do comercializador.

b) O incumprimento probado das condicións exixidas para realizar a actividade de comercializador polo miúdo de GLP a granel.

c) A inexistencia da autorización ou certificacións de idoneidade das instalacións necesarias para a actividade ou a súa obtención mediante simulación, fraude ou engano, así como a variación, unha vez outorgada aquela, das condicións ou requisitos esenciais que deron lugar ao seu outorgamento.

d) A realización de calquera manipulación que persiga ou determine a alteración da identidade, composición ou calidade do GLP subministrado.

e) As actuacións dolosas que teñan por obxecto ou produzan como efecto a confusión, a manipulación ou a utilización de medios ou instrumentos que se encontren baixo a titularidade ou responsabilidade contractual doutro comercializador.

f) Calquera causa, imputable ao comercializador polo miúdo, que supoña o incumprimento xeral e reiterado das súas obrigas regulamentarias e contractuais cos usuarios ou dea lugar a alteracións e interrupcións reiteradas na continuidade das subministracións.

g) De ser o caso, a sanción por comisión de infracción grave ou moi grave.»

Artigo segundo. *Modificación do Estatuto regulador das actividades de distribución por xunto e de distribución polo miúdo mediante subministracións directas a instalacións fixas de carburantes e combustibles petrolíferos, aprobado polo Real decreto 2487/1994, do 23 de decembro.*

Modifícase o Estatuto regulador das actividades de distribución por xunto e de distribución polo miúdo mediante subministracións directas a instalacións fixas de carburantes e combustibles petrolíferos, aprobado polo Real decreto 2487/1994, do 23 de decembro, do modo seguinte:

Un. Queda sen contido o artigo 2 do Estatuto regulador das actividades de distribución por xunto e de distribución polo miúdo mediante subministracións directas a instalacións fixas de carburantes e combustibles petrolíferos, aprobado a modo de anexo polo Real decreto 2487/1994, do 23 de decembro.

Dous. O título II do Estatuto regulador das actividades de distribución por xunto e de distribución polo miúdo mediante subministracións directas a instalacións fixas de carburantes e combustibles petrolíferos, aprobado a modo de anexo polo Real decreto 2487/1994, do 23 de decembro, pasa a ter a seguinte redacción:

«TÍTULO II

Da actividade de distribución por xunto de carburantes e combustibles petrolíferos

Artigo 9. *Operador por xunto.*

Serán operadores por xunto aqueles suxeitos que comercialicen produtos petrolíferos para a súa posterior distribución polo miúdo, debendo acreditar os requisitos descritos nos artigos seguintes, de acordo co disposto no artigo 42 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos.

Artigo 10. *Capacidade legal, técnica e financeira.*

1. As entidades que realicen actividades de distribución por xunto de carburantes e combustibles petrolíferos deberán revestir a forma de sociedades mercantís de nacionalidade española, ou, de ser o caso, doutro Estado membro da Unión Europea. Para acreditaren a súa capacidade legal deberán acharse ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais e, de ser o caso, de seguridade social.

2. Considerarase suficientemente acreditada a capacidade financeira cando o operador dispoña duns recursos propios afectos á actividade de distribución maiorista de,

polo menos, tres millóns de euros. No caso dunha sociedade de nova constitución os recursos propios deberán estar integramente desembolsados no momento da comunicación.

3. Considerarase suficientemente acreditada a capacidade técnica cando, ademais da suficiencia dos medios técnicos dispoñibles, o operador conte con experiencia na actividade de distribución de produtos petrolíferos ou, no caso contrario, teña subscrito un contrato de asistencia técnica con algunha entidade que conte con experiencia abonda nesta actividade.

Artigo 11. *Seguridade das subministracións.*

Os operadores por xunto deberán establecer un plan anual de abastecementos, que deberá incluír as previsións de compras e vendas do primeiro ano de actividade.

Artigo 12. *Medios de recepción, almacenamento e transporte.*

1. Os operadores deberán ter á súa disposición instalacións e medios de recepción, almacenamento e transporte adecuados ás subministracións previstas nos seus plans anuais de aprovisionamento e ás súas obrigas de manter existencias mínimas de seguridade.

2. Esta dispoñibilidade deberá ser xustificada documentalmente, debendo indicarse a situación e capacidade das instalacións en cuestión, así como os medios de recepción, almacenamento e transporte, propios ou alleos, utilizados para o abastecemento e distribución.

Artigo 13. *Existencias mínimas de seguridade.*

1. Os operadores deberán manter existencias mínimas de seguridade para os produtos e na cantidade, forma e localización xeográfica que establece o Real decreto 1716/2004, do 23 de xullo, polo que se regula a obriga de mantemento de existencias mínimas de seguridade, a diversificación de abastecemento de gas natural e a corporación de reservas estratéxicas de produtos petrolíferos.

2. Os operadores estarán sometidos ao disposto na dita norma en canto á acreditación documental, coa periodicidade requirida, da constitución e mantemento das existencias que estean obrigados a manter.

3. Os operadores integranse como membros da corporación suxeitos ao réxime xurídico que para esta se establece.

Artigo 14. *Comunicación.*

Aquelas sociedades que queiran actuar como operadores por xunto deberán comunicalo por escrito, con carácter previo ao inicio da actividade, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que o comunicará, pola súa vez, á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, indicando data de inicio da actividade, nome da sociedade, enderezo postal, teléfono e fax, así como o código de identificación fiscal, e incluíndo unha declaración responsable sobre o cumprimento por parte da sociedade de todos os requisitos establecidos para exercer a actividade.

Así mesmo, na dita comunicación deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o plan anual de abastecemento a que se refire o artigo 11.

A Comisión Nacional de Enerxía publicará na súa páxina web unha lista dos operadores por xunto de carburantes e combustibles petrolíferos que incluírá aquelas sociedades que comunicasen ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o exercicio destas actividades.

Calquera feito que supoña o cesamento ou a modificación dalgún dos datos incluídos na comunicación e na declaración orixinarias deberá ser comunicado polo

interesado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria Turismo e Comercio, no prazo dun mes a partir do momento en que se produza.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da citada comunicación á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos.

A Comisión Nacional de Enerxía e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderán solicitar en calquera momento a acreditación do cumprimento de todos ou de calquera dos requisitos necesarios para exercer a actividade de distribución por xunto de carburantes e combustibles petrolíferos.

Artigo 14 bis. *Inhabilitación para exercer a actividade de operador.*

Procederá a inhabilitación para exercer a actividade de operador por xunto de carburantes e combustibles petrolíferos, logo de instrución de expediente, con audiencia ao interesado, nos seguintes casos.

- a) Apertura da fase de liquidación ou extinción da personalidade xurídica do operador.
- b) O incumprimento probado das condicións exixidas para realizar a actividade de operador por xunto.
- c) A inexistencia da autorización ou certificacións de idoneidade das instalacións necesarias para a actividade ou a súa obtención mediante simulación, fraude ou engano, así como a variación, unha vez outorgada aquela, das condicións ou requisitos esenciais que deron lugar ao seu outorgamento.
- d) De ser o caso, a sanción por comisión de infracción grave ou moi grave.»

Tres. Quedan sen contido os artigos 15, 16 ao 17 do Estatuto regulador das actividades de distribución por xunto e de distribución polo miúdo mediante subministracións directas a instalacións fixas de carburantes e combustibles petrolíferos, aprobado a modo de anexo polo Real decreto 2487/1994, do 23 de decembro.

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e autorización de instalacións de gas natural.*

Modifícase o Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e autorización de instalacións de gas natural, nos seguintes termos:

Un. O primeiro parágrafo do número 2 do artigo 5 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Para acreditaren a súa capacidade legal, as entidades que realicen a actividade de transporte deberán revestir a forma de sociedades mercantís de nacionalidade española, ou, de ser o caso, doutro Estado membro da Unión Europea.»

Dous. Suprímese a epígrafe g) do número 3 do artigo 6.

Tres. O primeiro parágrafo do número 2 do artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para acreditaren a súa capacidade legal, as entidades que realicen a actividade de distribución deberán revestir a forma de sociedades anónimas de nacionalidade española, ou, de ser o caso, doutro Estado membro da Unión Europea.»

Catro. A epígrafe q) do número 3 do artigo 10 pasa a ter a seguinte redacción:

«q) Estar inscritos no Rexistro de Distribuidores do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.»

Cinco. O primeiro parágrafo do artigo 13 queda redactado como segue:

«A actividade de comercialización de gas natural será desenvolvida polas empresas comercializadoras que cumpran os requisitos establecidos neste regulamento e que, accedendo ás instalacións de transporte e/ou distribución, teñen como función a venda de gas natural aos consumidores e a outros comercializadores.»

Seis. A rúbrica e o contido do artigo 14 quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Requisitos necesarios para realizar a actividade de comercialización.*

1. Os suxeitos que queiran realizar a actividade de comercialización de gas natural deberán revestir a forma de sociedades mercantís ou forma xurídica equivalente no seu país de orixe no caso de non se tratar de empresas nacionais no obxecto das cales non existan limitacións ou reservas ao exercicio da dita actividade.

Ademais, deberán poder acreditar suficientemente a súa capacidade técnica para o exercicio da actividade e estar en disposición de acreditar que teñen capacidade para garantir a subministración.

No caso de que a empresa que queira actuar como comercializadora ou a sociedade dominante do grupo a que aquela pertenza teña a nacionalidade dun país non membro da Unión Europea en que non estean recoñecidos dereitos análogos e que se considere que poida resultar unha alteración do principio de reciprocidade para as empresas que operan no mercado nacional, será necesario obter unha autorización administrativa previa para o exercicio da actividade outorgada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que se poderá condicionar.

Para estes efectos, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio remitirá a solicitude á Comisión Nacional de Enerxía, a cal deberá elaborar, no prazo máximo de dous meses, un informe no que se analicen, tendo en conta a normativa do mercado interior de gas da UE, entre outros, os seguintes aspectos: os posibles efectos directos ou indirectos sobre a actividade de comercialización, a separación de actividades, a seguridade de subministración enerxética, tomando en consideración os dereitos e obrigas entre ambos os países de acordo cos convenios internacionais existentes. Así mesmo, analizarase a reciprocidade existente nos mercados enerxéticos.

A Comisión Nacional de Enerxía remitirá o informe ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio xunto cunha proposta en relación coa solicitude na que se poderán incluír condicións para o exercicio da actividade.

2. Para acreditar a capacidade técnica o solicitante deberá dispor dos medios técnicos e humanos suficientes para poder operar no sistema gasista español de acordo coa normativa aplicable neste e, en particular, co disposto na Orde ITC/3126/2005 pola que se aproban as normas de xestión técnica do sistema e os seus protocolos de desenvolvemento.

Ademais, as empresas comercializadoras deberán pór á disposición dos seus usuarios un teléfono de atención ao cliente e un servizo de correo electrónico ao cal se poidan dirixir aqueles.

3. As empresas comercializadoras deberán constituír garantías ante a caixa xeral de depósitos por unha contía equivalente ás súas obrigas de pagamento previstas durante o período de facturación.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio establecerá a forma de efectuar o cálculo do importe económico que se deberá constituír como garantías, os suxeitos que deben prestar tales garantías, os suxeitos a favor dos cales se constitúen estas e as causas que poden motivar a súa execución.

O dito detalle deberá incluírse nos modelos de contratos de acceso ás instalacións de gas.

4. As empresas que queiran exercer a actividade de comercialización de gas natural deberán poder acreditar, en todo momento, que teñen capacidade para atender as demandas de gas dos seus clientes, sen que se poidan producir restricións da subministración máis alá de situacións extraordinarias.

Para iso, deberán dispor de contratos ou garantías de subministración dun provedor de gas que poidan ser utilizados para dar cobertura ás actividades de comercialización previstas, asegurando a necesaria diversificación das súas subministracións.

5. En todo caso, considerárase que un comercializador cumpre cos requisitos sempre que se encontre habilitado para comercializar gas nun país co cal exista un acordo de mutuo recoñecemento de licenzas de comercialización con outro país membro da Unión Europea, sen prexuízo da constitución das garantías económicas que sexan necesarias.

6. Os comercializadores que desexen operar nos mercados maioristas de gas e capacidade, sen realizaren a actividade de subministración a consumidores finais, unicamente deberán presentar as garantías económicas que sexan necesarias para realizar a súa actividade, e deberán comunicar esta circunstancia por escrito á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que, pola súa vez, dará traslado dela á Comisión Nacional de Enerxía.»

Sete. A rúbrica e o contido do artigo 15 pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 15. *Inicio e cesamento da actividade de comercialización.*

Unha vez cumpridos os requisitos necesarios para realizar a actividade de comercialización que se establecen no artigo 14, aquelas sociedades que queiran actuar como comercializadoras de gas natural, deberán comunicalo por escrito, con carácter previo ao inicio da actividade, á Administración competente e en todo caso á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, indicando o ámbito territorial en que se vai desenvolver a actividade, data de inicio desta, nome da sociedade, enderezo postal, teléfono, fax e código de identificación fiscal, así como unha declaración responsable de que a sociedade cumpre todos os requisitos establecidos para exercer a actividade.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da citada comunicación á Comisión Nacional de Enerxía, e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos petrolíferos. A Comisión Nacional de Enerxía manterá na súa páxina web unha lista actualizada das empresas que exerzan a actividade de comercialización de gas natural.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ou a Comisión Nacional de Enerxía poderán solicitar en calquera momento a acreditación do cumprimento de todos ou de calquera dos requisitos necesarios para exercer a actividade de comercialización.

Anualmente, dentro do primeiro trimestre de cada ano, as empresas que exerzan a actividade de comercialización deberán presentar ante a Administración competente unha memoria resumo das actividades desenvolvidas no ano precedente. A Administración poderá solicitar información adicional ou ampliación da achegada.

As empresas que exerzan a actividade de comercialización de gas natural deberán comunicar á Administración competente e en todo caso á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o cesamento da actividade ou a modificación dalgun dos datos achegados na comunicación de inicio da actividade ou na declaración responsable, no prazo dun mes a partir do momento en que se produza.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da citada comunicación á Comisión Nacional de Enerxía.»

Oito. O artigo 16 queda sen contido.

Novo. O artigo 17 queda sen contido.

Dez. A rúbrica e o contido do artigo 18 quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Inhabilitación para exercer a actividade de comercialización.*

Procederá a inhabilitación para exercer a actividade de comercialización de gas natural, logo de instrución de expediente con audiencia do interesado, nos seguintes casos:

- a) A apertura da fase de liquidación ou extinción da personalidade xurídica do comercializador.
- b) Incumprimento probado das condicións exixidas para realizar a actividade de comercializador.
- c) A comisión dunha infracción das tipificadas como moi graves no artigo 109 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, cando supoña a inhabilitación para exercer a actividade de comercialización.»

Once. A rúbrica e o contido do artigo 19 pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 19. *Dereitos e obrigas dos comercializadores.*

1. As empresas comercializadoras terán os dereitos e obrigas que se recollen neste artigo, ademais dos dereitos e obrigas relacionados co acceso de terceiros, recollidos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.

2. Serán dereitos das empresas comercializadoras os seguintes:

- a) Realizar adquisicións de gas natural nos termos establecidos no capítulo II do título IV da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos.
- b) Vender gas natural aos consumidores e a outros comercializadores en condicións libremente pactadas.
- c) Acceder ás instalacións propiedade de terceiros de regasificación, almacenamento, transporte e distribución nos termos previstos na Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, e as súas disposicións de desenvolvemento.
- d) Exixir que as instalacións e aparellos receptores dos seus consumidores reúnan as condicións técnicas e de construción legalmente establecidas, así como o bo uso destas e o cumprimento das condicións establecidas para que a subministración se produza sen deterioración ou degradación da súa calidade para outros usuarios.
- e) Facturar e cobrar a subministración realizada.
- f) Solicitar a verificación do bo funcionamento dos equipamentos de medición de subministracións.
- g) Acceder á medición das subministracións aos seus clientes.

3. As empresas comercializadoras terán as seguintes obrigas:

- a) Manter o cumprimento das condicións para actuar como comercializadoras, así como estar en disposición de acreditar ante a Dirección Xeneral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e ante a Comisión Nacional de Enerxía o cumprimento delas.
- b) Garantir a seguridade da subministración de gas natural aos seus clientes subscribindo os contratos de aprovisionamento e de acceso ás instalacións do sistema gasista que sexan precisos.
- c) Remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, ás comunidades autónomas, no ámbito das súas

competencias, e á Comisión Nacional de Enerxía, a información periódica que se determine en relación coa actividade que desenvolvan dentro do sector gasista. A devandita remisión de información incluírá, entre outras, as cantidades vendidas e os prezos de venda aplicados na forma e prazo que se establezan.

d) Facilitar aos seus clientes a información e asesoramento que puideren solicitar en relación coa subministración de gas, así como ter á disposición deles un teléfono de atención ao cliente e un enderezo de correo electrónico

e) Cumprir coas obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguridade, e contribuír, se é o caso, á diversificación de subministracións conforme a normativa vixente.

f) Facilitar ao xestor técnico do sistema a información necesaria para facilitar a supervisión e o control do sistema.»

Doce. O número 2 do artigo 20 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os consumidores poderán adquirir gas:

a) Aos comercializadores en condicións libremente pactadas.

b) Directamente, sen recorrer a un comercializador autorizado, accedendo a instalacións de terceiros, caso en que terán a consideración de consumidores directos en mercado.»

Trece. O número 3 do artigo 22 pasa a ter a seguinte redacción:

«3. Os consumidores directos en mercado que adquiren gas sen recorrer a un comercializador terán ademais as seguintes obrigas:

a) Comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a súa condición de consumidor directo en mercado.

b) Cumprir coas obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguridade e contribuír, se é o caso, á diversificación de subministracións conforme a normativa vixente.

c) Realizar a súa subministración de gas coordinadamente cos transportistas e distribuidores e de acordo coa normas de xestión técnica do sistema.

d) Facilitar ao xestor técnico do sistema a información necesaria para facilitar a supervisión e control do sistema.»

Catorce. O título V pasa a ter a seguinte estrutura e redacción:

«TÍTULO V

Rexistro administrativo de distribuidores de combustibles gasosos por canalización

Artigo 116. *Rexistro administrativo de distribuidores de combustibles gasosos por canalización.*

1. O Rexistro administrativo de distribuidores de combustibles gasosos por canalización regulado no artigo 83 da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, rexerá en canto á súa organización e funcionamento polo disposto neste título.

2. A xestión do rexistro corresponderá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

3. As inscricións que se realicen no Rexistro administrativo de distribuidores de combustibles gasosos por canalización non xerarán o cobramento de taxas.

Artigo 117. *Tratamento dos datos.*

1. O tratamento dos datos de carácter persoal inscritos no rexistro regulado neste título someterase ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Os suxeitos obrigados a comunicar datos ao rexistro serán responsables da veracidade e actualidade dos datos que faciliten.

3. O acceso aos datos poderá ter lugar mediante petición na que resulten identificados os datos de cuxo acceso se trate, sen que sexa admisible a súa solicitude xenérica.

4. A Comisión Nacional de Enerxía e o xestor técnico do sistema terán acceso á información contida no rexistro a que se refire este título, así como as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

5. As persoas que no exercicio das súas funcións teñan acceso a datos que constan nestes rexistros estarán obrigadas a gardar segredo respecto deles.

Artigo 118. *Cancelación das inscricións.*

A cancelación das inscricións no rexistro a que se refire o presente título producirase por instancia do interesado ou de oficio nos supostos de cesamento da actividade ou revogación polo órgano competente da autorización que serviu de base para a inscrición.

Para proceder á cancelación de oficio da inscrición será precisa a instrución do correspondente expediente con audiencia do interesado.

Artigo 119. *Estrutura do Rexistro administrativo de distribuidores de combustibles gasosos por canalización.*

1. Deberán inscribirse no Rexistro administrativo de distribuidores de combustibles gasosos por canalización todos aqueles que, de acordo co previsto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, teñan a condición de distribuidores.

2. A solicitude de inscrición no Rexistro de distribuidores de gases combustibles por canalización dirixirase aos órganos competentes das comunidades autónomas que outorgaron a autorización administrativa correspondente, os cales darán traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas en prazo máximo dun mes desde a solicitude de inscrición, así como da documentación que a acompañe.

3. A solicitude de inscrición irá acompañada, polo menos, da seguinte documentación:

a) Escritura de constitución da sociedade debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

b) Autorizacións administrativas para exercicio da actividade outorgadas pola Administración competente, con indicación das áreas xeográficas de subministración.

c) Acta de posta en marcha das instalacións.

4. Realizarase unha única inscrición por empresa distribuidora, na que constarán as diferentes áreas xeográficas en que se realiza a distribución.

5. A formalización da inscrición, na cal constará o número de identificación no rexistro, será notificada ao interesado e ao órgano competente da comunidade autónoma correspondente pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 120. *Actualización de datos.*

1. Calquera modificación dos datos que figuren no Rexistro de distribuidores, sobre identificación da sociedade, das instalacións das cales sexa o titular, áreas de distribución de ser o caso, ou calquera outro dato relevante dos que figuren no rexistro, deberá ser comunicada polo interesado no prazo máximo dun mes desde que aquela se produza. Nestas modificacións quedan incluídos os cambios de denominación ou razón social do titular, as fusiós, absorcións ou escisións de sociedades que afecten a titularidade das instalacións, así como a ampliación substancial destas.

2. Anualmente, no primeiro trimestre de cada ano, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comunicará ás empresas distribuidoras inscritas no Rexistro de distribuidores os datos rexistrais correspondentes ás súas áreas de distribución que figuren no rexistro, co fin de que confirmen a exactitude deles, ou indiquen, motivadamente, as modificacións que cumpra introducir.»

Quince. Quedan sen contido os artigos 121, 122, 123, 124, 125, 126, 127, 128, 129, 130 e 131.

Disposición adicional primeira. *Suxeitos inscritos no Rexistro de operadores por xunto de gases licuados do petróleo e no Rexistro de comercializadores polo miúdo de gases licuados do petróleo a granel.*

1. Para as empresas que no momento da entrada en vigor deste real decreto figuren inscritas no Rexistro de operadores por xunto de gases licuados do petróleo e no Rexistro de comercializadores polo miúdo de gases licuados do petróleo a granel considerárase cumprida a obriga de comunicación de inicio da actividade prevista no capítulo II do Regulamento da actividade de distribución de gases licuados do petróleo, aprobado polo Real decreto 1085/1992, do 11 de setembro, na redacción dada ao dito capítulo no punto catro do artigo primeiro deste real decreto.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado á Comisión Nacional de Enerxía dos datos das empresas que figuren rexistradas no Rexistro de operadores por xunto de gases licuados do petróleo e no Rexistro de comercializadores polo miúdo de gases licuados do petróleo a granel no momento da entrada en vigor deste real decreto, para que proceda á súa inclusión na lista de operadores por xunto de GLP e comercializadores polo miúdo de GLP a granel que publicará na súa páxina web.

3. As citadas empresas deberán remitir á Comisión Nacional de Enerxía os datos do teléfono de atención ao cliente e o servizo de correo electrónico ao cal se deben dirixir estes, no prazo dun mes da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Suxeitos inscritos no Rexistro de operadores por xunto de produtos petrolíferos.*

1. Para as empresas que no momento da entrada en vigor deste real decreto figuren inscritas no Rexistro de operadores por xunto de produtos petrolíferos considerárase cumprida a obriga de comunicación de inicio da actividade prevista no título II do Estatuto regulador das actividades de distribución por xunto e de distribución polo miúdo mediante subministracións directas a instalacións fixas de carburantes e combustibles petrolíferos, aprobado a modo de anexo polo Real decreto 2487/1994, do 23 de decembro, na redacción dada ao dito título no punto dous do artigo segundo deste real decreto.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado á Comisión Nacional de Enerxía dos datos das empresas que figuren rexistradas no Rexistro de operadores por xunto de produtos petrolíferos no momento da entrada en vigor deste real decreto, para que proceda á súa inclusión na lista de operadores por xunto de carburantes e combustibles petrolíferos que publicará na súa páxina web.

3. As citadas empresas deberán remitir á Comisión Nacional de Enerxía os datos do teléfono de atención ao cliente e o servizo de correo electrónico ao cal se deben dirixir estes, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Inscripción no Rexistro administrativo de distribuidores de combustibles gasosos por canalización e suxeitos inscritos na sección segunda do Rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores directos en mercado de combustibles gasosos.*

1. As empresas que no momento da entrada en vigor deste real decreto se encontren inscritas na sección primeira do Rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores cualificados de combustibles gasosos por canalización quedarán inscritas

de oficio xunto cos datos que constan na citada sección no Rexistro administrativo de distribuidores de combustibles gasosos por canalización.

2. Para as empresas que no momento da entrada en vigor deste real decreto figuren inscritas na sección segunda do Rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores directos en mercado de combustibles gasosos por canalización considerárase cumprida a obriga de comunicación de inicio da actividade prevista no artigo terceiro, número 6 deste real decreto.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado á Comisión Nacional de Enerxía dos datos das empresas comercializadoras que figuren rexistradas no momento da entrada en vigor deste real decreto, para que proceda á súa inclusión na lista de comercializadoras que publicará na súa páxina web.

4. As empresas comercializadoras rexistradas no momento da entrada en vigor deste real decreto deberán remitir á Comisión Nacional de Enerxía os datos do teléfono de atención ao cliente e o servizo de correo electrónico ao cal se deben dirixir estes, no prazo dun mes da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

3. Os prestadores de servizos autorizados previamente á entrada en vigor deste real decreto poderán seguir realizando a súa actividade en todo o territorio español.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación.*

1. Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, dentro do ámbito das súas competencias, as disposicións precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

2. O órgano competente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adaptará os sistemas informáticos do dito departamento ministerial ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN